

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal para o día 25 de febreiro de 2019 (Pleno 02/2019)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía por Decreto nº 422/2019 de 20 de febreiro, e de acordo co previsto no art. 113.1 e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de sesións da Casa do Concello o **día 20 de febreiro de 2019 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Asi mesmo infórmase que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícase que a partir desta data está a súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Pleno	Data da sesión: 25/02/2019
Convocatoria: Sesión 02/2019	Hora: 20:30 h.

- 1.- Acta da sesión anterior (28/01/2019). Aprobación.**
- 2.- Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores. Expediente 1/2019. Aprobación. (CIFECRIC de 19/02/2019)**
- 3.- Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2019”. Aprobación de proxectos corrixidos e modificación da solicitude. (CIFECRIC de 19/02/2019)**
- 4.- Acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario do concello de Carballo. Corrección e adecuación. Aprobación. (CIFECRIC de 19/02/2019)**
- 5.- Convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do concello de Carballo. Corrección e adecuación. Aprobación. (CIFECRIC de 19/02/2019)**
- 6.- Relación de postos de traballo (RPT) do concello de Carballo. Modificación nº 5. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 19/02/2019)**
- 7.- Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo. Aprobación definitiva. (CIPUM de 19/02/2019)**
- 8.- Iniciativa Europea do pacto dos alcalde para o clima e a enerxía. (CONV 6/2019) Adhesión. (CIPUM de 19/02/2019)**
- 9.- Moción do grupo municipal de TEGA, rexistro de entrada nº 381/2019 do 16 de xaneiro, reiterando que se cumpla a accesibilidade no edificio nº 2 da rúa Eduardo Blanco Amor, tras a solicitude de informes técnico e xurídico externos por parte do grupo municipal de TEGA.**
- 10.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada nº 20199000001200 de 18/02/2019, SIR nº 19012098786 de 18/02/2019, sobre o cambio de sentido na rúa San Xosé.**
- 11.- Seguimento de órganos de goberno:**

11.1.- Informe de intervención e tesourería do cumprimento da lei 15/2010, do 5 de xullo, que modifica a lei 3/2004, do 29 de decembro, de medidas contra a morosidade, relativo ao cuarto trimestre de 2018. Toma de coñecemento.

11.2.- Información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da orde MAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución cuarto trimestre de 2018. Toma de coñecemento.

11.3.- Resolucións da Alcaldía.

11.4.- Acordos da Xunta de Goberno Local

11.5.- Rogos e preguntas

Asi mesmo procederáse á súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

O Secretario

D. José Villán Fuertes